



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A INVESTIGACIÓN NOS PARQUES NATURAIS SOBRE CAPTACIÓN DE CO₂ E NO₂ POR DIFERENTES CULTIVOS PARA CONTRIBUÍR A MITIGAR O CAMBIO CLIMÁTICO

En Santiago de Compostela, a 10 de agosto de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, representada por Beatriz Mato Otero, de acordo co Decreto 148/2016, do 13 de novembro, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, a Universidade de Santiago de Compostela, representada por Juan M. Viaño Rey, en calidade de reitor, de acordo co Decreto 62/2014, do 28 de maio, actuando en nome e representación da mesma e con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, do 21 de decembro, e no artigo 82 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro.

Todas as partes recoñécense reciprocamente a capacidade e a lexitimación necesarias para subscribir este convenio, e para tal efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O cambio climático configúrase como o principal reto ambiental ao que debe enfrontarse a nosa sociedade. É o resultado da introdución e difusión dun modelo de produción e consumo. O efecto invernadoiro aumentou considerablemente nas últimas décadas fundamentalmente pola queima de combustibles fósiles e o cambio no uso do chan ao reducirse a superficie vexetal, xa que os cultivos actúan como capturadores e sumidoiros de CO₂.

SEGUNDO.- Na actualidade existen 6 Parques Naturais en Galicia (PNG): Fragas do Eume, Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, na provincia da Coruña; Invernadeiro, Serra da Enciña da Lastra e Baixa Limia-Serra do Xurés na provincia de Ourense; e Monte Aloia, en Pontevedra. Estes espazos protexidos ofrecen unha porta aberta a novas canles de produción e



comercialización sustentables dalgúns produtos que poderían achegar un valor engadido pola súa mitigación ao cambio climático, diferenciados do resto non só polo natural, ou artesanal do seu proceso produtivo, senón pola súa contribución á pegada ecolóxica e de carbono.

TERCEIRO.- Desta forma, o sector agrícola convértese en estratéxico, ao contribuír ao desenvolvemento sustentable no medio rural, achegar beneficios ambientais (emisores de osíxeno, reguladores de clima e hidroloxía, sumidoiro de CO₂) e contribuír á saúde das persoas (alimentación). Con todo, tamén posúe implicacións vitais pola súa pegada ecolóxica na preservación/degradación ambiental, motivo polo que se deben poñer en marcha medidas de información e redución de emisións de gases.

Non é menos certo que, en último termo, os consumidores son quen deciden que e canto producen estes sectores. Pensemos que a alimentación é un elo sobre o que actuar e producir impactos significativos sobre a nosa pegada de CO₂ e que posúe unha incidencia máxima (segundo a OMS) na saúde humana.

Por outra banda, a elección do consumo de produtos locais ten tamén o seu impacto positivo ao reducirse as necesidades de enerxía e combustibles fósiles para o seu desprazamento, polo que unha decisión tan persoal como a alimentación convértese, por tanto, nunha maneira directa de adoptar unha posición activa fronte ao cambio climático. Produtores e consumidores somos responsables coas nosas decisións de contribuír ao establecemento doutro modelo produtivo e evolucionar cara a unha sociedade e unha economía sen emisións de gases.

Para realizar estes cambios sustentables nas formas de produción e consumo e mitigar tanto CO₂ e NO₂ (dióxido de nitróxeno polos procesos de fertilización), hai que aproveitar a motivación vinculada ás vantaxes competitivas da responsabilidade ambiental, como é a realización dun selo de identificación como instrumento para comunicar a responsabilidade social das empresas ao consumidor que acredite a escasa pegada ecolóxica do produto, que non só reduza custos, senon que incida na saúde dos consumidores. A información sobre a incidencia dos produtos no cambio climático (CO₂, NO₂, auga, etc) logrará un escenario onde os consumidores compren en función das emisións e modifiquen a súa conduta de compra.

Ademais de contar cos beneficios da absorción de CO₂ polos cultivos, tamén se pode evitar que os produtos percorran grandes distancias antes de chegar ao consumidor, empregando as posibles alternativas locais para reducir a emisión de gases e o consumo de enerxía.

CUARTO.- A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ten atribuídas as competencias e funcións en materia de conservación da natureza e, máis concretamente en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, en virtude do disposto no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e no



Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

QUINTO.- A Universidade de Santiago de Compostela está desenvolvendo actualmente varias liñas de investigación orientadas ao estudo da pegada de carbono, gases efecto invernadeiro, valoración de ciclo de vida, Ecodiseño e Ecoeficiencia.

Estas liñas de investigación nas que actualmente están traballando os departamentos do Grupo de enxeñería ambiental e bioprocesos e de Edafoloxía e Química Agrícola da Universidade de Santiago de Compostela conflúen en obxectivos comúns de traballo a desenvolver: como á identificación das boas prácticas agrícolas nos Parques Naturais de Galicia asociadas a produtos e servizos característicos destes espazos que derivan en beneficios fronte ao cambio climático a través da captación de gas de efecto invernadeiro, a identificación de indicadores para medir os beneficios da agricultura dos Parques Naturais de Galicia fronte ao cambio climático, e a elaboración de protocolos que recoñezan as prácticas agrícolas asociadas á unha Ecoetiqueta vinculada á mitigación do cambio climático.

Por outra parte, estes departamentos xa teñen experiencia acumulada no estudo destes procesos, o que constitúe unha contribución relevante para a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio no establecemento á hora de desenvolver futuros proxectos cara a dinamizar os parques naturais. Esta actuación conxunta e coordinada supón un fornecemento das sinerxias entre a Consellería e a Universidade de Santiago de Compostela.

SEXTO.- A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Universidade de Santiago de Compostela pretenden asinar un convenio para demostrar e promover os beneficios ambientais dos sistemas agrícolas presentes nos PNG en especial en referencia á mitigación do cambio climático, por medio da implantación do indicador de agricultura saudable. Este indicador proporcionaría unha vantaxe competitiva aos produtos agrícolas dos PNG que se reflectiría a través da creación dunha Ecoetiqueta.

O futuro selo pretende converterse nun esquema de certificación de produtos provenientes de parques naturais, co fin de proporcionar información útil para os consumidores que contribúa a mellorar a xestión dos parques naturais galegos e preserve as prácticas de cultivo tradicionais, contribuíndo tamén a reducir as emisións de GEI (CO_2 , NO_2 , CH_4 , etc).

Os parques naturais aos que fai referencia o presente proxecto son os seguintes: Baixa Limia-Serra do Xurés, Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Fragas do Eume, Monte Aloia, Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra.



De conformidade coas anteriores consideracións a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Universidade de Santiago de Compostela establecen o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización das actuacións contempladas no mesmo: “demostrar e promover os beneficios ambientais dos sistemas agrícolas presentes nos Parques Naturais de Galicia, en especial referencia á mitigación do cambio climático por medio da implantación do indicador de agricultura saudable”.

SEGUNDA: OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (en adiante CMAOT) comprométese a realizar as seguintes accións:

- a) Achegar a información dispoñible e realizar as accións de coordinación e intermediación para o desenvolvemento das actuacións deste convenio.
- b) Aportar as cantidades previstas na cláusula cuarta.
- c) Formar parte do grupo de traballo e colaborar na redacción do plan de acción previsto na cláusula terceira
- d) Participar na elaboración dun protocolo operativo da implantación da Ecoetiqueta de Agricultura Beneficiosa para mitigar o Cambio Climático nos PNG.
- e) Participar xunto coa Universidade de Santiago de Compostela nos actos de difusión e comunicación que se leven a cabo en relación coas accións que se desenvolvan no marco deste convenio.
- f) Participar na redacción do informe que será a base para valorizar o Indicador de Agricultura beneficiosa para mitigar o cambio climático nos PNG.

TERCEIRA. OBRIGAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) comprométese a:

1º Realizar as seguintes actuacións:

A1. PREPARACIÓN

BENEFICIOS AMBIENTAIS DA AGRICULTURA NOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA, CON ESPECIAL ÉNFASE NA MITIGACIÓN E ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO



A1.1. Recopilación de datos sobre os usos do chan e prácticas agrícolas desenvolvidas na contorna dos Parques Naturais de Galicia a través do material proporcionado pola CMAOT e a toma de datos sobre o terreo. Realízase un informe en soporte cartográfico, sobre os usos agrícolas dos diferentes Parques Naturais de Galicia, as características das explotacións e as técnicas agrícolas.

A1.2. Revisión sobre políticas de apoio, etiquetas ecolóxicas/selos de calidade, aplicación de metodoloxías (pegada de carbono, taxa de retorno enerxético, entre outras) en experiencias similares realizadas en Galicia, España e Europa.

A1.3. Participación no Grupo de Traballo sobre Agricultura e Cambio climático nos Parques Naturais de Galicia. O grupo estará formado polos diferentes axentes implicados (por exemplo, representantes de agricultores, administracións competentes), así como especialistas seleccionados de diferentes ámbitos (agronomía, edafología, economía, márketing).

Nas reunións de traballo abórdanse os usos do chan nos Parques Naturais de Galicia, a identificación de boas prácticas agrícolas e a identificación de indicadores de técnicas agrícolas para xerar beneficios fronte ao cambio climático asociados a diversos produtos/servizos. Tamén se abordan as estratexias para a valorización deses beneficios ambientais.

A1.4. Este mesmo grupo de traballo elabora o Plan de Acción sobre as estratexias para valorizar os beneficios ambientais dos sistemas agrícolas dos Parques Naturais de Galicia. Este documento define as directrices xerais, o alcance, as metodoloxías e técnicas analíticas que se empregarán nas seguintes fases.

A2. DESENVOLVEMENTO

DESENVOLVEMENTO DO PROTOCOLO DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DE ESTRATEXIAS DE MITIGACIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO NOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA

A2.1. Neste módulo selecciónanse explotacións agrarias representativas dos diferentes produtos elixidos presentes nos PNG para aplicar os indicadores seleccionados na fase anterior. Téñense en conta os diferentes sistemas agrícolas dos diferentes espazos naturais de Galicia, moi especialmente os de maior representación. Na fase A1.4 acoutaríanse os sistemas de produción daqueles produtos que son obxecto de estudo.

A2.2. Sobre estas explotacións realízase unha análise de campo no que se solicite información precisa sobre as técnicas agrícolas, aplicándose aquelas metodoloxías e técnicas analíticas propostas no apartado A1.4. Estas metodoloxías deben ser aplicadas tendo en conta os recursos dispoñibles e a realidade socioeconómica das zonas. Determínanse os beneficios no medio ambiente



(solos, augas, ...), e en particular sobre o balance de carbono e a mitigación de gases de efecto invernadoiro (pegada ecolóxica, entre outros).

A2.3. En base a estes datos e experiencias anteriores, xérase un protocolo operativo para a implantación da Ecoetiqueta de Agricultura Beneficiosa para Mitigar o Cambio Climático nos PNG.

A3. DIFUSIÓN E FORMACIÓN

PROMOVENDO OS BENEFICIOS DA AGRICULTURA PARA CONTRIBUÍR AO MEDIO AMBIENTE E AO DESENVOLVEMENTO RURAL NOS PARQUES NATURAIS DE GALICIA

A3.1. Desenvolvemento da páxina web e redes sociais en coordinación coa web e as aplicacións corporativas da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, cuxos contidos se irán actualizando cos avances durante o proxecto.

A3.2. Realízanse xornadas de difusión/xornadas de feira-demostración dirixidas a un ámbito amplo da sociedade para debater os beneficios das prácticas agrícolas dos Parques Naturais de Galicia e as oportunidades para o desenvolvemento rural. Estas xornadas realízanse en polo menos dous ambientes xeográficos de Galicia e aprobeitanse os resultados das accións anteriores. Estas xornadas serán impartidas polo Grupo de Traballo e, inicialmente, realizaranse en:

Parque do Xurés

Parque de Fragas de Eume

Serra da Enciña da Lastra

Monte Aloia

O Invernadoiro

Corrubedo

O número de xornada/s por parque será proporcional á poboación asentada nestes espazos.

A3.3. De forma paralela, confecciónanse unha serie de materiais formativos, como manuais e vídeos, dirixidos a agricultores, xestores agrícolas e especialistas en agricultura. Estas actividades de formación inclúen dous grandes módulos: a) aspectos técnicos (técnicas agrícolas, mitigación do cambio climático) e b) aspectos de desenvolvemento rural e emprendemento.

Os titores dos materiais e actividades formativas son as persoas que participaron nos módulos de Preparación e Desenvolvemento.

A4. VALORIZACIÓN

INSTRUMENTALIZACIÓN DE ALTERNATIVAS NA PROMOCIÓN DE ECOETIQUETAS EN PRODUTOS E PROCESOS COMO OPORTUNIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL NOS



PARQUES NATURAIS DE GALICIA

Cos resultados das actividades anteriores, o grupo de traballo establecido no apartado de Preparación elaborará un informe que será a base para valorizar a través dos mercados o Indicador de Agricultura beneficiosa para mitigar o cambio climático nos PNG.

Este informe utilizarase para desenvolver a futura Marca Colectiva ou de Garantía na que participarán agricultores, xestores da Xunta de Galicia e unha entidade certificadora.

Nesta fase elaboraranse dous borradores: un para a regulación da Marca e outro para a regulación do organismo certificador.

2º. Participar nos actos de difusión e comunicación que se leven a cabo en relación coas accións que se desenvolvan no marco deste convenio, sendo preciso contar coa autorización expresa da CMAOT ou por invitación desta.

3º Proporcionar á CMAOT toda a información relativa ás actuacións desenvolvidas no marco deste convenio.

4º Facer constar expresamente a colaboración coa CMAOT en todos os anuncios e documentos que se elaboren relacionados coas actividades deste convenio.

5º. Reintegrar, total ou parcialmente, a compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.

6º. Facilitar o toda a información requirida pola CMAOT en relación coa xustificación do convenio, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das cantidades.

CUARTA.- FINANCIAMENTO E ASIGNACIÓN ENTRE AS ENTIDADES

A CMAOT, co fin de facilitar a execución conxunta das accións, aportará durante o prazo de vixencia do convenio a cantidade total de 50.000,00 €, como achega pola realización das accións en que incorra a Universidade de Santiago de Compostela con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541B.640.1, sendo financiado nun 100% con fondos da Fundación Bancaria “La Caixa” en virtude do Acordo marco de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Fundación Bancaria “La Caixa” para o desenvolvemento de actuacións en materia de “investigación, saúde e medio ambiente” asinado o 5 de xaneiro.

Esta cantidade farase efectiva previa presentación por parte da USC da factura correspondente.



QUINTA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A cantidade achegada pola Consellería entregarase ao beneficiario nun único pago, que se realizará previa presentación, por parte da Universidade de Santiago de Compostela, da correspondente factura antes do 1 de decembro de 2017, acompañada da seguinte documentación:

- a) Unha memoria final xustificativa, onde se sinalen as actuacións comprometidas e realizadas pola universidade.
- b) Unha declaración de que a USC cumpre co establecido no artigo 48.6 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*.

SEXTA.- REAXUSTES DA RELACIÓN VALORADA

Sempre e cando non exista variación na achega económica total do convenio, as partidas reseñadas na relación valorada (anexo I) poderán ser obxecto de reaxustes, ao seren estimativas, en función das necesidades ás que obrigue a execución das actuacións previstas neste convenio.

Os reaxustes deberán ser valorados e acordados pola Comisión de Seguimento descrita na cláusula oitava deste convenio.

SÉTIMA.-PROPIEDAD E INTELECTUAL

A propiedade intelectual dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, os cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.

En todos os materiais que se realicen froito deste convenio aparecerán como coautores a CMAOT, e USC.

En todos os documentos que se xeren como consecuencia deste convenio debe figurar de xeito expreso que está financiado pola Xunta de Galicia e os logotipos da Xunta de Galicia e da CMAOT.

Calquera que sexa o medio de difusión, todas as partes se comprometen a facer mención expresa a este convenio.

En calquera caso a USC poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do estudo en actividades propias da súa función investigadora.

OITAVA.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión formada por unha persoa en representación da CMAOT e outra, pola USC, para o seguimento do grao de incumprimento dos compromisos contraídos.

NOVENA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 1 de decembro 2017.



DECIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial do seu clausurado, oída a comisión de seguimento referida na cláusula oitava.
- b) O transcurso do tempo sen rematar as actividades acordadas.
- c) Por resultar inviable a realización das actuacións descritas neste Convenio por causas non imputables ás partes.
- d) A denuncia de calquera das partes.
- e) O mutuo acordo.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ó reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1 c) do texto Refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación. Este Convenio rexerese polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), e demais normativa de aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro



de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm.149 do 3 de agosto).

DÉCIMO TERCEIRA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a CMAOT de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO CUARTA.- XURISDICIÓN

De conformidade co disposto expresamente no artigo 4.2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, ao presente convenio seranlle de aplicación os principios da norma anteriormente indicada para a resolución das dúbidas e lagoas que puidesen presentarse para o seu efectivo cumprimento.

As Partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan todas as partes este convenio, por cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento do mesmo.

A conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio

Por delegación do Sr. Reitor (Resolución
reitoral do 26 de xullo de 2017)

Beatriz Mato Otero

Isabel Rodríguez-Moldes Rey
(Vicerreitora de Investigación e Innovación)



ANEXO I
RELACIÓN VALORADA

ORZAMENTO

	PERSONAL	VIAXES	FUNXIBLE	Total
PREPARACIÓN				
Recopilación de datos dos PNG	2.892,56	826,45	-	3.719,01
Revisión experiencias similares	2.066,12	1.239,67	-	3.305,79
Grupo de traballo	2.066,12	413,17	-	2.479,29
Redacción Plan de Acción	3.305,79	-	-	3.305,79
	10.330,59	2.479,29	-	12.809,88
DESENVOLVEMENTO				
Selección parcelas	2.066,12	826,45	-	2.892,57
Aplicación de metodoloxías	3.719,01	826,45	2.479,34	7.024,80
Informe sobre Protocolo de Aplicación	1.652,89	-	-	1.652,89
	7.438,02	1.652,90	2.479,34	11.570,26
DIFUSIÓN E FORMACIÓN				
Páxina web e outra difusión	1.652,89	-	413,22	2.066,11
Xornadas de difusión (2 días, 10 persoas)	2.479,34	826,45	-	3.305,79
Materiais formativos	2.479,34	-	826,45	3.305,79
	6.611,57	826,45	1.239,67	8.677,69
VALORIZACIÓN				
Informe por panel de expertos	2.066,12	-	-	2.066,12
Declaración e reunión final	1.239,67	826,45	-	2.066,12
	3.305,79	826,45	-	4.132,24
	-	-	-	-
Xestión do proxecto	3.305,79	826,45	-	4.132,24
	3.305,79	826,45	-	4.132,24
TOTAL *	30.991,76	6.611,54	3.719,01	41.322,31
IVE (21%)	6.508,27	1.388,43	780,99	8.677,69
TOTAL CON IVE	37.500,03	7.999,97	4.500,00	50.000,00

* No orzamento están incluídos os custos indirectos da USC